

BANDO

Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réxime local, en **relación ás medidas preventivas para colaborar na non propagación do coronavirus COVID-19 no** Concello de Redondela, por esta Alcaldía **SE INFORMA** á veciñanza do seguinte:

En data 14 de marzo de 2020, tras reunión mantida polo Comité de seguimento do Concello de Redondela, se resolveu pola Alcaldía a adopción das seguintes medidas preventivas adicionais:

PRIMEIRO. Recordar á veciñanza as recomendacións xa dadas polas autoridades sanitarias e administrativas competentes, en canto ao deber de manter un espazo de seguridade entre as persoas e igualmente facer un uso responsable dende as recomendacións sanitarias do mobiliario urbano.

Recordar tamén que estando garantidos as subministracións de alimentos, así como a apertura dos establecementos comerciais para a súa venda, se deberá permanecer nos mesmos soamente polo tempo estritamente necesario, e se deberán evitar aglomeracións así como gardar as distancias de seguridade.

SEGUNDO. Limitar a entrada ao cemiterio municipal de Mañó, a un máximo de 25 persoas, de conformidade co acordo do Consello da Xunta de Galicia de 13 de marzo.

TERCEIRO. Acordar o peche de todas as fontes públicas conectadas á rede pública de abastecemento de agua, sitas no término municipal.

CUARTO. Informar á veciñanza que de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, se suspenden términos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

O cómputo dos prazos se reanudarán no momento en que perda vixencia o real decreto que determina o estado de alarma ou no seu caso as prórrogas do mesmo.

Así mesmo se recorda que queda suspendida a atención ao público durante os próximos 15 días nas oficinas municipais, agás casos de urxencia que deberán solicitarse baixo cita previa, nos teléfonos **986400300 e 986402865**.

Toda a tramitación deberá realizarse de ser posible, a través da sede electrónica municipal do Concello de Redondela ou mediante correo electrónico contactando previamente cos distintos departamentos do Concello, onde lle darán as indicacións para cada trámite.

Da totalidade das medidas adoitadas poderán ter coñecemento a través da web municipal na dirección **www.redondela.gal**

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



